

Centros de especial dificultade

Actualización dos anexos a petición da CIG Ensino

O día 11 de setembro a CIG-Ensino remitiulle un escrito á Dirección Xeral demandando unha actualización dos centros de especial dificultade. Por tanto, alegrámonos de que veña á Mesa este documento. Porén, hai algunhas consideracións que queremos facer sobre os centros que figuran nos anexos.

Os centros que agora aparecen como de especial dificultade deben ser considerados, aos efectos do CXT, desde o momento no que cumpriron o requisito e non desde a entrada en vigor da orde. Isto, para evitar problemas, debería figurar expresamente na orde. *A Consellaría acéptao e revisará a data na que se cumpriu o requisito segundo a modificación dos catálogos de postos de traballo.*

A Consellaría debe renovar estas listaxes anualmente para que non volva suceder como nesta ocasión. Propoñemos que, sempre que se produzan novidades, se traia á Mesa na que negociemos o CXT como nesta ocasión.

Hai centros que agora non aparecen no anexo xa que actualmente non teñen aula específica de EE mais si figuran no catálogo, a Consellaría ten que actualizar eses datos no catálogo.

Hai centros que seguen contando con aula específica e figuran xa desde 2010 e que, sen embargo, non aparecen agora: CEIP Calvo Sotelo (O Carballiño), CEIP A Ponte (Ourense), CPI José García García, IES Campo de San Alberto (Noia) e CEIP Barrié de la Maza (Santa Comba). *A administración pídenos os datos e vaino estudar.*

Tamén nos atopamos con centros que teñen aula específica habilitada e funcionando, entre outros o CEIP de Allariz, o CPI Antonio Faílde, o CEIP de Mariñamansa, o CEIP Ben-Cho-Shey e o CEIP Tomás de Lemos. Neste caso entendemos que debe ser recoñecido este carácter de especial dificultade e que debe estar catalogada para poder ser dotada con carácter definitivo. *A administración vai incluír as aulas habilitadas no anexo*

Hai centros de escolarización preferente que non figuran (CEIP San Pedro de Visma, IES Rafael Dieste, CEIP de Vite...). Tamén deben ser incluídos.